

SESIÓN ORDINARIA CONXUNTA DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES DO DÍA 23 DE XUÑO DE 2022

COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA, ECONOMÍA, FACENDA, RECURSOS HUMANOS E DESENVOLVEMENTO SOCIOECONÓMICO

Rogo do PP presentado por escrito

“Ante o compromiso adquirido o pasado mes de abril polo Goberno local respecto da entrega efectiva aos concelleiros da Corporación das medallas encargadas na anterior lexislatura, o certo e verdade é que os concelleiros aínda non temos recibido as referidas medallas, razón pola cal desde o Grupo Municipal Popular interesamos do Sr. alcalde a entrega das medallas da Corporación de Cambre á maior brevidade posible.”

O señor alcalde manifesta que chega tarde.

Preguntas do PP presentadas por escrito

“1ª.- Ante a inminente entrada do verán e co que iso debe supoñer de incentivo para o pequeno comercio de Cambre, desde o Grupo Municipal Popular preguntamos ao concelleiro de Desenvolvemento Socioeconómico cales son as medidas de que, desde o noso concello, se van poñer en marcha nos próximos días, con vistas ao apoio ao pequeno comercio do noso municipio en época estival.”

O señor Alcantarilla Rei intervén e di que se quere ler a segunda pregunta que tamén se refire á hostalería, e lle contesta xuntamente. Contesta o Sr. Abalo Cástex que non ten problema e formula a segunda pregunta.

“2ª.- Igualmente, desde o Grupo Municipal Popular pregúntase ao concelleiro de Desenvolvemento Socioeconómico cales son as medidas que se van a adoptar desde o Concello de Cambre para apoiar á hostalería do noso municipio neste verán.”

O Sr. Alcantarilla Rei di que agora hai en marcha: os días 22, 23 e 24 de xullo terá lugar no paseo marítimo do Temple unha feira de oportunidades en colaboración coa Deputación para o que é todo o comercio de Cambre; que contan coa próxima resolución do contrato de dinamización das feiras de Cambre e do Temple, que isto fará que redunde en beneficio da hostalería e do comercio de Cambre; que continuarán coa programación dos eventos musicais e culturais nos locais de hostalería de Cambre, que se adhiran ao

programa “Son de bares”; a Galaicoi, coa instalación dun mercado temático co que teñen un trato preferente cos artesáns e comerciantes de Cambre.

Continúa a dicir que están a rematar as bases dun concurso de tapas; que estiveron a falar cos hostaleiros e acordaron en desenvolvelo no mes de outubro, dado que agora nos meses de verán están a traballar ben; que a apertura do prazo de presentación de solicitudes de subvencións de “Consolida Cambre”, sairá a vindeira semana.

Preguntas de C's presentadas por escrito

“1º pregunta: Teñen algún tipo de vinculación familiar con algún membro do equipo de goberno as empresas “Awen Studio” e “Red Vervain”?”

O Sr. alcalde concede a palabra a Sra. Pan Lesta quen, contesta dicindo que respecto “Awen Studio”, si, e “Red Vervain” non.

“2º pregunta: En caso afirmativo qué relación e con qué membro do equipo de goberno?”

A Sra. Pan Lesta contesta dicindo que respecto “Awen Studio” a súa xerente é a filla da concelleira de Desenvolvemento Asociativo.

“3º pregunta: Dende o ano 2015, ate o día de hoxe, e desglosado anualmente, qué importes faturaron ambas empresas co CIF que lles corresponda ao Concello de Cambre?”

A Sra. Pan Lesta contesta dicindo que respecto “Awen Studio” cero facturas; que en canto a “Red Vervain”, tres facturas: unha do ano 2016, polo desenvolvemento da APP da OMIX, por importe de 3.327,50 euros e dúas do ano 2017, unha de actualización da APP da OMIX, por importe de 423,50 euros e outra por mellora e cambios na APP da OMIX, por importe de 968 euros.

Continúa a súa intervención a Sra. Pan Lesta e di que lle gustaría aclarar en relación coas dúas fotografías que aparecen no escrito de onde proceden, que si aparece explicitamente o nome desta empresa; que a do muíño de Peiraio, é unha fotografía cedida gratuitamente pola empresa que fixo os folletos turísticos ou promocionais, e a segunda fotografía, é unha fotografía premiada no II concurso de fotografía organizada polo Concello de Cambre no ano 2014 que leva o título “Catro iluminando o camiño de Santiago”; que nas bases deste concurso recollese que esas imaxes seleccionadas poden ser entregadas e reproducidas polo Concello de Cambre sempre que sexan para promocionar turisticamente o patrimonio deste concello.

**COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, OBRAS, SERVIZOS, SEGURIDADE CIDADÁ,
EDUCACIÓN, MOBILIDADE, MEDIO AMBIENTE E SANIDADE**

Rogos do PP presentados por escrito

“Veciños e usuarios da estrada AC-214, no tramo que une o Mesón Vasco con Cambre, alértannos de que no túnel existente baixo a vía férrea, atópanse uns ferros en mal estado, cuxa caída pode ser perigosa, tal e como se advirte nas fotografías que se achegan.

Por iso é polo que, desde o Grupo Municipal Popular se interesa que pola concelleira competente se adopten, o máis axiña posible, as medidas necesarias, con traslado a ADIF incluído, para resolver o problema advertido.”

O Sr. González Leirós intervén e di que si efectivamente, unha vez comprobado, é certo e di que se lle notificou a ADIF e espera que se lle conteste e estará atento a isto.

O Sr. alcalde intervén e di que cre que na última reparación que fixeron na ponte, puxeron unha especie de pavimento e isto foi o que caeu; que pasa por aí todos os días e entende que non hai perigo de que caigan os ferros.

O Sr. Abalo Castex di que os veciños que falaron con el si que advertiron do perigo de caída do ferro.

O Sr. González Leirós di que o que se rompeu é a malla, non é un ferro; é unha malla de 8 electrosoldada; que en principio, ao ser continua, debería agarrar nos bordos, e que así e todo, chamará a ADIF.

O Sr. Abalo Castex procede á lectura do 4º rogo que, redactado en castelán e transcrito ao galego di:

“Dentro do pésimo estado no que se atopan os lavadoiros e fontes públicas existentes en todo o noso municipio, veciños de Bribes mostran as súas queixas sobre o lamentable estado no que se atopa o lavadoiro público alí existente.

Tal e como demostra a fotografía que se achega, a maleza invade a dita instalación, que se atopa chea de pintadas e con enorme sucidade que, ademais, non se atopa nas mellores condicións de conservación e mantemento.

Por iso é polo que, desde o Grupo Municipal Popular se interesa que se adopten, o máis axiña posible, as medidas necesarias para a reparación, conservación e limpeza do lavadoiro de Bribes.”

Concedido polo Sr. alcalde o uso da palabra, ao Sr. Boga Moscoso di que coñece o estado das fontes e lavadoiros do municipio e, como xa dixo noutras ocasións, se está a esperar á contratación da limpeza de zonas verdes municipais, onde hai un lote específico para limpeza de fontes e lavadoiros integrados no inventario municipal; que cando estea adxudicado, si se fará.

O Sr. Abalo Castex pregunta se se coñecen datas para isto.

O Sr. Boga Moscoso di que está en contratación.

O Sr. Abalo Castex di que en contratación leva meses.

A continuación o Sr. Abalo Castex procede á lectura do 6º rogo que, redactado en castelán e transcrito ao galego di:

“Veciños do lugar de Cuntín, en Santa María de Vigo, móstrannos as súas queixas sobre o estado de abandono no que se atopa o lavadoiro e a fonte existente no lugar.

Tal e como se advirte nas fotografías que se achegan, o abandono é patente, coa maleza que o invade ata o punto de facer difícil non só o seu acceso senón mesmo a súa visualización.

Por iso é polo que, desde o Grupo Municipal Popular, se interesa que se adopten, o máis axiña posible, as medidas necesarias para a reparación, conservación e limpeza do lavadoiro e a fonte existentes no lugar de Cuntín, na parroquia de Santa María de Vigo.”

O Sr. alcalde concede o uso da palabra ao Sr. Boga Moscoso quen di en Santa María de Vigo non hai ningún rueiro que se chame Cuntín, senón Fonte Cuntín, porque colle o nome da fonte.

Di que en segundo lugar, a fotografía que achega non é a de Fonte Cuntín; que non cre que ningún veciño de Santa María de Vigo lle dixera que era a de Fonte Cuntín, senón que é a fotografía da fonte da Lapa, no rueiro da Lapa; que da contratación, di o mesmo, que cando estea se fará a limpeza de fontes e lavadoiros.

Preguntas do PP presentadas por escrito

“Unha vez máis, os veciños de Altamira móstrannos as súas queixas sobre as verteduras que se seguen realizando no cambio de sentido existente na estrada Nacional- 550, ao seu paso polo lugar de Altamira, onde tal e como se advirte nas fotografías que se achegan, séguense depositando todo tipo de materiais, á vista de todos.

Por iso é polo que desde o Grupo Municipal Popular se pregunta sobre as medidas que se están tomando respecto diso no mencionado local para que non sigan producíndose os ditos depósitos.”

Contesta a a Sra. Parceró Quiñoy.

Preguntas do BNG presentadas por escrito

“Preguntamos por este camiño (público) que está abrindo unha pala, como puidemos ver o pasado 6 de xuño, cara a Piñeiro en Cecebre que estaba pechado dende onde está a máquina (anexamos fotografías).

- 1.-Coñece o Concello a realización destes traballos?
- 2.-Quen os está realizando?
- 3.-Cal é o obxectivo dos ditos traballos?”

O Sr. alcalde concede o uso da palabra ao Sr. Boga Moscoso, quen contesta dicindo que con respecto da primeira pregunta que si.

En canto á segunda pregunta, di que a brigada de obras hai dúas semanas.

En relación coa terceira pregunta, manifesta que se trata dunha confluencia de augas, completamente anegado no inverno, polo que se decidiu amañalo.

COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, DEPORTES, XUVENTUDE E BENESTAR SOCIAL

Rogo do BNG presentado por escrito

“O folleto das actividades deportivas publicado neste mes de xuño conta con varios defectos sendo o máis relevante a falta de claridade de información por non mencionar que o logotipo da Deputación da Coruña que nel aparece é antigo e o enderezo web que aparece no mesmo xa non ten o dominio activo. Rogamos que os vindeiros folletos informativos da Área de Cultura, Deportes e Xuventude teñan a información máis clara e usen a identidade corporativa correspondente e actualizada.”

O Sr. presidente intervén e di que acepta o rogo; que efectivamente houbo un erro no logo da deputación e que xa a está emendado; que no futuro intentará que non se volva repetir e que a información sexa moito máis clara.

Preguntas do PP presentadas por escrito

“Nos últimos días recibimos información da participación de 12 mozos nun botellón na praza Fernando Buesa, no Temple, aos que se incoará un expediente sancionador no que se poden incluír sancións de ata 3.000€. Por iso é polo que, desde o Grupo Municipal Popular, pregúntase ao Goberno local:

1ª.- Que campañas de erradicación das ditas prácticas están a levarse a cabo no noso concello entre os nosos veciños máis novos

2ª.- Que outras alternativas están a propoñerse desde o noso concello á nosa mocidade para a ocupación do tempo libre e o lecer?

3ª.- Que espazos públicos pon o Concello de Cambre ao dispor dos nosos mozos para a ocupación do tempo libre e o lecer?”

Di que en relación coa primeira pregunta, a concellería de xuventude non ten programas específicos contra o botellón; que a programación é transversal e en todas as actividades se tratan estes temas; que de calquera xeito, están abertos, no soamente Cambre, senón que calquera concello, a calquera proposta que axude a reducir o problema do botellón.

Continúa o Sr. presidente e manifesta que en canto á segunda pregunta, entende que é un problema de redacción; que o que ocorreu na praza Fernando Buesa en ningún caso é unha alternativa de ocio senón un incumprimento claro das normas da Xunta de Galicia, que establecen que queda expresamente

prohibido o consumo de bebidas alcohólicas na vía pública, parques e prazas públicas ou outros lugares de tránsito público, mediante a actividade coñecida popularmente como botellón.

Di que, por outra banda, a oferta de xuventude é moi variada, inclúe: “Por fin é venres”, “Vente de marcha”, “transfórmate”, “kedadas polo mundo adiante”, “cromático mural fest”, “TDi, todos deben involucrarse.”; que ademais, as casas de xuventude con alternativas formativas, informativas e de ocio, están abertas de luns a venres; que hai no concello trinta e oito cubls deportivos, e máis de vinte asociacións culturais que ofrecen actividades e deporte en colaboración cos departamentos municipais de Deportes, Cultura e Xuventude.

Remata a súa intervención dicindo que polo que respecta a terceira pregunta, hai dúas casas de xuventude, trinta e cinco instalacións deportivas tanto abertas como descubertas, diversos locais nos que se desenvolven actividades por parte dos clubs e asociacións, e todos os parques e espazos municipais, por exemplo o paseo fluvial.

A Sra. González Roel intervén e le as seguintes preguntas que, redactadas en castelán e traducidas ao galego din:

“En pleno Ano Santo Compostelán, vanse acometer polo noso concello distintas intervencións no Camiño Inglés a Santiago, razón pola cal, desde o Grupo Municipal Popular preguntamos ao concelleiro de Patrimonio:

5ª.- En que consisten as ditas intervencións?”

O Sr. presidente concede o uso da palabra ao Sr. Boga Moscoso quen di que as intervencións fundamentais neste ano serán o arranxo dun tramo de máis de 300 metros en Altamira e o tramo máis fundamental é o de máis pendente, que conforma o lavadoiro; di que mantiveron conversas coa Xunta de Galicia nestes últimos anos para tratar a restauración e peonalización da fonte da Xira, que seguramente se fará tamén neste ano por parte da Xunta de Galicia.

6ª.- Cal é o motivo polo que as ditas intervencións non se realizaron, como se veu interesando por este grupo municipal, durante os anos previos á celebración do Ano Santo, e vanse realizar xusto cando máis tránsito ten o Camiño Inglés ao seu paso polo noso municipio?”

O Sr. Boga Moscoso di que lle podería preguntar á Xunta de Galicia e as súas institucións, quen publica as subvencións, e isto acontece no mes de xaneiro; que en Culleredo cre que aínda non remataron na zona da igrexa; que respecto das actuacións da deputación o anuncio da subvención é en xaneiro tamén. Manifesta, como exemplo, que na deputación as actuacións para a posta en valor do camiño inglés saíron en maio; que se a Xunta que é a que ten competencia exclusiva nos camiños a Santiago puxera todas estas liñas de subvencións hai catro anos, pois non coincidiría no xacobeo.

Pregunta a Sra. González Roel se ano pasado a Xunta non convocou esta liña de subvención. Contéstalle o Sr. Boga Moscoso dicindo que as convoca todos os anos no mes de xaneiro.

A seguir, o Sr. presidente pregunta a Sra. García Hidalgo se vai presentar preguntas.

A Sra. García Hidalgo contesta dicindo que si; que quere deixar constancia que entende que son preguntas da Comisión de Deporte e Patrimonio e que se houbera algún problema as presentaría por escrito para que conteste o departamento correspondente.

A seguir procede a formular as preguntas que son as seguintes:

1ª pregunta.- Se existe algún documento asinado por Acoa, a asociación promotora do pavillón que acredite a cesión de todos os usos do pavillón de Anceis ao Concello de Cambre.

2ª pregunta.- Con base en que todos os documentos que rexistrou Acoa para solicitar a legalización e a licenza, solicitaba tamén como punto terceiro que se poña en uso das instalacións ás asociacións e para todos os socios as actividades internas e para o préstamo da citada instalación ao Concello de Cambre, logo da comunicación á citada asociación.

En base nese punto, a pregunta é cal é o motivo para excluír a citada resposta de todas as demais que se deron. Respóndeuselles en canto á legalización e á licenza, pero non a este punto.

3ª pregunta.- Vaise cumprir con esta solicitude de Acoa.